

ELIMINAR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES: UN COMPROMISO PROFESIONAL

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONXUNTA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICÓLOGOS DE GALICIA, COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA E CONSELLO DA AVOGACIA GALEGA

Con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, as organizacións profesionais da avogacía, psicoloxía e xornalismo, reunidas neste acto, queremos dar a coñecer ás colexiadas e colexiados, así como á sociedade galega en xeral a seguinte declaración:

1.- Manifestamos o noso firme rexeitamento das condutas que supoñan calquera tipo de violencia ou discriminación cara á muller pola súa condición de tal nas súas diversas formas, como violencia física, psicolóxica, sexual ou discriminación económica, así como dos condicionantes sociais que subxacen a esta violencia e que podemos denominar como cultura patriarcal tradicional.

2.- Expresamos a nosa solidariedade coas vítimas da violencia sexista, fundamentalmente mulleres e os seus fillos e fillas para quen este acto poida servir tamén como recoñecemento, apoio e reivindicación.

3.- O compromiso que asumimos para eliminar este problema -como profesionais procedentes de disciplinas diversas, pero que teñen en común a relación que establecen con mulleres vítimas de violencia no seu traballo cotián-, implica que é imprescindible integrar a preocupación permanente pola igualdade dos sexos nos nosos coñecementos e actitudes, se queremos acadar cotas de alta cualidade no desenvolvemento profesional.

Este compromiso obríganos non soamente a dedicar os esforzos necesarios no seo das nosas respectivas organizacións para acadar o obxectivo anterior, senón tamén a establecer canles de colaboración mutua entre os nosos colectivos. Como exemplos, podemos sinalar os seguintes:

- a) A participación conxunta no Observatorio Galego dos Medios (OM) de modo que se poida verificar a evolución do tratamento informativo das noticias relacionadas coa problemática da violencia e a discriminación por razón de sexo.
- b) A colaboración mutua no programa formativo da quenda de oficio de avogados que prestan servizo a vítimas de violencia en temas psicolóxicos e a formación en temas xurídicos para psicólogos e psicólogas que prestan servizo no programa de atención ás vítimas.

4.- Esta declaración non representa para nós un acto conxuntural nin excluínte de outros profesionais. É un paso máis cara á irrenunciábel asunción de responsabilidade por parte da sociedade na loita activa contra a violencia e a discriminación contra a muller. Agardamos no futuro poder multiplicar os nosos esforzos, acoller outras organizacións profesionais e ofrecer iniciativas eficaces na procura destes obxectivos.